



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: Requirimento de documentación ás candidatas propostas. Proceso selectivo de 3 prazas de Auxiliar de axuda no fogar. Procedementos de estabilización de emprego temporal.

Núm. Admvo. Expte: 2023/E001/000011

Expte. Decreto Núm.: 2024/G003/000199

Visto que por Resolución de Alcaldía núm. 439/2023, de 23 de maio de 2023, se aprobaron as bases xerais e específicas dos procesos extraordinarios de estabilización de emprego público neste concello, incluídas no oferta de emprego público do ano 2022, aprobada por Resolución de Alcaldía núm. 577/2022, de 6 de outubro de 2022, relativa a tres prazas de AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR.

Vista a proposta do tribunal cualificador que avaliou os méritos dos candidatos que se presentaron ao proceso selectivo para a cobertura de 3 prazas de Auxiliares de axuda no fogar, de data 12/03/2024 respecto da relación definitiva de aspirantes que superaron o proceso selectivo, por orde de puntuación obtida, na que propón nomear ás seguintes candidatas para a cobertura en propiedade de tres prazas de Auxiliares de axuda no fogar e a adquisición da condición de persoal laboral fixo:

Apelidos e nome	DNI
Álvarez Valiña, Luz	***5529**
Martínez Martínez, Martina	***3228**
Alborés Lema, Ana	***1770**

Esta Alcaldía, de conformidade co artigo 21.1.h) da lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local e coas bases novena e décima das bases xerais que rexen este proceso selectivo, e en uso das facultades que lle están conferidas,

RESOLVE:

Primeiro. Publicada no taboleiro de anuncios e na sede electrónica municipal a relación definitiva de aprobados, requíreselle ás candidatas propostas para a praza de **Auxiliar de axuda no fogar** para que no prazo de vinte días naturais a contar desde esta publicación, acheguen a documentación establecida na base décima das bases xerais desta convocatoria, a fin de acreditar que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria.

Segundo. A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida e agás nos casos de forza maior, ou cando do exame da mesma se deduza que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 3ª das bases de selección, non poderá ser contratada/s, dando lugar á invalidez das súas actuacións e á subseguinte nulidade dos actos da comisión de selección con respecto a este, sen prexuízo da responsabilidade en que puidese incorrer por falsidade na súa solicitude.

Mándoo e asínoo, en Laxe na data da sinatura incluída á marxe, o alcalde, D. Francisco Charlín Oróns, do que eu como secretaria dou fe.

O alcalde,
Asdo.: Francisco Charlín Oróns

A secretaria-interventora
Asdo.: Begoña Carrasco García

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)